

8 Marzo

***Día Internacional das
Mulleres***



Concello de Lalín
Concellería de Igualdade

A Oficina de Igualdade é un servizo municipal pertencente á Concellería de Igualdade do Concello de Lalín, que ten como fin promover as condicións para que sexa real e efectiva a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Lalín, facendo posible, entre outras medidas, a participación e presenza das mulleres de Lalín na vida política, económica, cultural e social, e tratando de superar calquera tipo de discriminación por razón de xénero nos diferentes ámbitos.

A folla de ruta e as actuacións da Oficina de Igualdade do Concello de Lalín durante este ano, están enmarcadas no desenvolvemento do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Lalín, no que destaca a área de Emprego, Mellora da Ocupabilidade e Participación na Vida Económica, que plantexa como obxectivos prioritarios “sensibilizar, informar, formar e concienciar á cidadanía lalinense sobre os procesos de discriminación laboral, e os problemas cara o acceso das mulleres en igualdade de oportunidades no mundo laboral”, e a área de Educación, Cultura, Medios de Comunicación e Deporte, no que se plantexan nos obxectivos “difundir o labor das mulleres de Lalín en todas as esferas sociais e culturais e recuperar as achegas das mulleres durante a historia do noso concello”, “Fomentar a difusión das obras artística e culturais de mulleres lalinenses...” e “contribuir na presentación social dunha muller real, unha muller activa e presente en todos os ámbitos da realidade”.

Con motivo do 8 de Marzo Día internacional das Mulleres a Oficina de Igualdade realizará unha serie de actos conmemorativos, a través das representacións de diversos colectivos de mulleres de Lalín, co fin de reflexionar en común e difundir as súas aportacións á sociedade, promovendo a transformación de estereotipos sexistas, e co fin de estimular e recoñecer o esforzo e a traxectoria de mulleres que están desenvolvendo no seu labor diario un exemplo de igualdade para toda a sociedade lalinense.

Data: Sábado 6 de marzo.

Lugar: Salón Teatro (Auditorio Municipal)

17:00 h. Mesa redonda: "EU son... Muller"

- **Patricia Martínez**, empresaria de "Eduvía".
- **Gracia Santorum**, profesora de Lingua e Literatura Galega.
- **Amelia Ferreiroa**, xornalista de "La Voz de Galicia".
- **Mª Carmen Canda**, responsable do sindicato Xóvenes Agricultores/as de Lalín.
- **Carmiña Amorín**, empresaria de moda infantil Mariany.
- **Victoria Novoa**, presidenta da Asociación de Mulleres en Igualdade de Bendoiro.
- **Marta Pilar Vilariño**, profesora.

18:30 h. "visibilízate"

- **Baile Moderno.**
- **Agrupación e Escola de Música e Baile Tradicional Ailola.**
- **Escola Municipal de Aerobic.**

20:00 h. Inauguración da II exposición colectiva de pintura de mulleres artistas

da comarca do Deza: "As Mulleres pintamos Moito"

- | | |
|--------------------------|--------------------------|
| ➤ Gloria Alonso | ➤ Mª José Senande |
| ➤ Pilar Taboada | ➤ Lucía Dubra |
| ➤ Carmen Payo | ➤ Ana Dobarro |
| ➤ Pilar Díaz | ➤ Lorena Lázara |
| ➤ Marisa Miguélez | |

20:30 h. Café e pastas.

***Entrega do
Premio Honorífico
á Muller Empresaria 2010
"Dna. Marija Gutiérrez"***

**Data: Luns 8 de marzo ás 21:00 h.
Lugar: Museo Municipal Ramón Aller**

